

Alcohol

Lembra!

Decide por ti...

**Non
te deixes
enganar**

Alcohol



Alcohol

Bebida alcohólica (destilada ou fermentada): toda aquela que contén alcohol etílico, substancia responsable dos efectos que provoca e que ten capacidade de colocar e enganchar. A concentración de alcohol exprésase na gradación alcohólica que aparece nas etiquetas.

O alcohol NON che dá enerxía

Deprime o sistema nervioso. Reduce a capacidade de falar, pensar, moverte e, en xeral, aumenta o tempo de reacción ante calquera actividade.

Unha ducha fría ou un café NON baixan o nivel de alcohol

Como moito poderás estar máis despexado/a, pero non se reduce o nivel de alcoholemia e seguirás estando en estado de embriaguez, xa que o alcohol pasa ao sangue.

Inducir ao vómito NON FUNCIONA

Ao vomitar expulsamos o alcohol que bebemos nos últimos minutos. O alcohol que nos está producindo a borracheira está no sangue e segue facendo efecto.

Beber auga NON SERVE

Aumentaremos temporalmente a cantidade de auga no noso organismo e ouriñaremos máis. Pero ao ouriñar eliminamos menos dun 8% do alcohol ingerido.

Mesturar bebidas NON emborracha máis que tomar un único tipo de bebida

O que emborracha é o nivel de alcohol en sangue ao beber distintas cantidades de alcohol, da igual a bebida ingerida.

O alcohol NON aumenta a excitación sexual

Pode facer que unha persoa estea máis predisposta a ter relacións sexuais (por estar máis desinhibida), pero diminúe a excitación, facendo que as relacións sexuais sexan menos satisfactorias e conscientes. Baixo os efectos do alcohol tómanse menos precaucións, o que pode ter consecuencias graves (embarazos non desexados, enfermidades de transmisión sexual,...).

O alcohol NON te fai máis sociable

Provoca desinhibición, o cal ten aspectos positivos e negativos. Pode facilitar tanto o acercamento a outras persoas, como comportamentos inadecuados ou fora de lugar (bromas de mal gusto, faltas de respecto), e incluso perigosos ou ilegais (condución de vehículos baixo os efectos do alcohol, prácticas sexuais de risco, agresións, ou danos). Pénsao ben! Non compensa!.

Consumir bebidas alcohólicas pódete meter en problemas serios e deteriorar as túas relacións familiares e de amizades...

Pasa de malos rolos! Aмосa que es unha persoa madura e capaz de rexeitar as presións doutras persoas.